



ANTONIO G. RODICIO

Naceu en Santiago de Cerreda, Ourense, en 1960.

Catedrático de Álgebra na Facultade de Matemáticas da Universidade de Santiago. É autor de múltiples artigos de investigación en matemáticas, publicados en revistas de máximo prestixio internacional.

Asimesmo, é autor do traballo “Vía Romana de Astorga a Ourense por el castro de Litoria”, publicado no Bole-tín Auriense (1995).

Mapa cos diferentes camiños propostos polos diferentes autores.



Antonio G. Rodicio

O PORTO SENABRECA E A POSÍBEL VÍA ROMANA CHAVES-MONFORTE

Introducción

No seu libro sobre a rede viaria romana do sudeste de Galiza¹, postula o profesor Rodríguez Colmenero a existencia dunha vía romana que saíndo de Chaves e ascendendo polo val do Támeга, proseguiría pola conca do Arnoia en dirección a Baños de Mongas, e despois por Esgos, Rocas e Loña do Monte a Luintra, para baixar desde alí a Os Peares e ascender seguidamente até Monforte. Só na primeira parte do percorrido, seguindo o río Támeга, pódese afirmar con certa seguridade, a xulgar polos miliarios atopados, que tal itinerario corresponde a unha vía romana. É a chamada vía do

Támeга, e nesta parte do trazado están máis ou menos de acordo todos os investigadores que a teñen estudo. Mais polo que respecta ao resto do percorrido, as opinións están divididas. Sen ánimo de entrar en detalles, diremos simplemente que mentres Díez Sanjurjo e Fernández Costas e Fuentes Canal a levan polos castros de Laza e Escuadro, seguindo a ladeira da serra de San Mamede, Taboada Chivite, López Cuevillas e Dulce Estefanía concordan con Colmenero en desviala máis a Occidente na dirección de Vilar do Barrio e Baños de Molgas². De todos eles, Colmenero é o único que a fai chegar até Monforte.

A nosa intención no presente

artigo é facer algúns comentarios e aportar algúns datos que, se ben non pretenden pechar definitivamente a cuestión, consideramos que constiurán un avance importante cara o esclarecemento da mesma. As nosas teses poden ser resumidas en poucas liñas. Estamos de acordo en que o camiño se dirixe cara a Monforte (e posibelmente de alí Lugo), pero discrepamos radicalmente da hipótese de que o cruce do Sil o efectúe nos Peares. Por contra, temos o total convencimento de que ese paso é polo porto Senabreca (do que xa temos falado en outra parte³), e cremos ter probas concluintes delo. Polo demais, se ben non nos atrevemos a afirmalo categorica-

1. Antonio Rodríguez Colmenero, "La red viaria romana del sudeste de Galicia", Valladolid, 1976, páx. 87.

2. Ver op. cit. páx. 12 e as referencias que alí se dan.

3. Ver o noso artigo "Vía romana de Astorga a Orense por el castro Litoria", Bolefín Auriense XXV (1995), páxs. 132 e 133.



O Porto Senabreca. En primeiro termo, emerxendo do río Sil, o Cotarro do Castro. E en segundo lugar a vía, que, pola marxen dereita do regato do Camilo, comeza o seu ascenso cara a Monforte.

mente, inclinámonos a pensar que a vía vai pola ladeira da serra de San Mamede antes que por Baños de Molgas e as proximidades de Esgos, e en ningún caso por Rocas e Luintra.

Exporemos a continuación os datos e os comentarios, agradecendo previamente, tamén esta vez, a Manuela a axuda prestada no traballo de campo.

Até o río Sil.

Foi a lápida existente en Mendoia, xunto a ponte sobre o río

Bibei, informando da contribución dos aquiflavienses á construción de dita ponte, o que fixo sospeitar a Díez Sanjurjo⁴ da existencia dun camiño directo que permitise aos habitantes de Chaves usar en dirección a Astorga a vía que por el pasaba, é dicir, a Vía Nova procedente de Braga. E para iso propón o itinerario xa indicado pola ladeira da serra de San Mamede que se xuntaría coa citada vía Braga-Astorga mási adiante da mansión Salientibus. Aínda hoxe existe un camiño nesta dirección (aunque xa practicamente inaccesíbel), ao que dedica unhas poucas liñas Elixio

Rivas no seu libro sobre a Serra de San Mamede⁵, que sobe desde Prado por Castro de Escuadro, Xinzo da Costa, Santiago da Costa, onde se cruzaba coa Vía Nova, e que, a vulgar pola tradición, debeu ser moi importante. A xente dos lugares polos que pasa danlle o nome de “camiño da Xé”, descoñecendo totalmente o motivo de tal denominación. Nós pensamos que tal nome proveña de Xeira ou Geira, vocábulo que aparece con certa frecuencia aplicado a camiños romanos, e en particular á Vía Nova⁶. Esta xente asegura que se trataba dun camiño de máis de seis metros de

4. Manuel Díez Sanjurjo, “Los caminos antiguos y el itinerario nº 18 de Antonino en la provincia de Orense”, Bol. Com. Monum. de Orense, Tomos II e III, 1904-1906, páxs. 321 e 353.

5. Elixio Rivas Quintas, “Serra de San Mamede”, páx. 94.

6. Ver Rodríguez Colmenero, op. cit. páx. 22.

ancho e moi ben nivelado, que ía dar á “Volta Grande”, que é como coñecen eles a curva de 180° que dá a estrada de Ourense a Trives na subida ao Alto do Rodicio. Tal vez sexa pola insistencia con que os lugareños afirman que o seu destiño era o Alto do Rodicio, xunto co seu completo descoñecimento de por onde ou cara onde continuaba desde alí, que Elixio Rivas sospeitaba que proseguía en dirección á Cabeza de Meda, para atravesar a serra polo Campo do Eirado. Nós estamos convencidos de que o verdadeiro camiño do Xé, e con el moi posibelmente a vía romana, seguía por outra parte.

Arias Sanjurjo⁷, falando en 1932 desta mesma vía que nos ocupa, afirma que o cruce coa estrada de Ourense a Trives estaba a uns 50 metros do marco do quilómetro 135 (segundo a numeración de entón), lugar no que aínda se veía a calzada en perfecto estado de conservación. Efectivamente, aínda hoxe se ven alí os restos dun antigo camiño, en particular un groso muro de contención, anque está todo bastante deteriorado polas obras que cara 1985 se fixeron na estrada. Para nós, o camiño da Xé ía realmente por aí, a onde chegaba desde Santiago da Costa despois de pasar polas inmediacións de Baldrei. A continuación proseguía cara Xunqueira de Espadañedo e

de alí, por Pardeconde (suxerente topónimo do paso dun antigo camiño, denominado Parada de Conde no século XII⁸ e Parata Zote a comezos do XI⁹) e Xaravedra chegaba ao alto da serra, concretamente ao lugar chamado Campo da Tella, nas inmediacións da ermida da Virxen do Monte, onde se cruzaba coa “vereda maiore” que viña de Astorga, estudada no noso artigo xa citado.

Arias Sanjurjo opina que desde aquí se dirixía a Luintra para baixar despois aos Peares, coincidindo con elo con Rodríguez Colmenero. Pero, a dicir verdade, o itinerario que propón Arias é insostíbel, xa que, segundo el, ao citado quilómetro 135 chegaría procedente de Maceda. Convén aclarar en todo caso, antes de nos esquecer definitivamente deste autor e da posibilidade do paso por Luintra e os Peares, unha afirmación que fai e que de ser certa sería realmente interesante. Referímonos á súa aseveración¹⁰ de que no diploma de Alfonso VII delimitando o couto do mosteiro de San Vicente de Pombeiro, menciónase a “vereda de Lointra”. Isto sen embargo é falso, pois o que no documento aparece¹¹ non é a “vereda de Lointra” senón a “vereda de Loimbra”.

Desde o Campo da Tella a vía comezaría a baixar cara o Sil,

existindo aínda hoxe ese tramo e sendo perfectamente practicable. Polos sitios chamados Sete Camiños, Campelo, Valcarreiro, A Pedrosa, e polas inmediacións de Parada Seca, chegaba ao povo de Vilar de Cerreda, e desde alí, confundíndose en parte coa estrada que hoxe vai ao encoro de San Estevo de Ribas de Sil, á barca Xabrega, é dicir, ao porto Senabreca. Desde o punto de vista da toponimia, temos que chamar a atención sobre os topónimos Valcarreiro, Pedrosa, Parada e Vilar, perfectamente acordes coa posibilidade de que pasase por eles unha vía romana. Digamos tamén que o vocábulo “Xé” aparece, como “familia da Xé”, en Vilar de Cerreda, en relación agora cunha lenda de mouros que recollimos recentemente¹².

Non queremos rematar a descripción deste tramo sen deixar constancia da información que nos foi proporcionada no povo de Xinzo da Costa, pola que sabemos que, con relativa frecuencia, aparecen en dito povo restos do pasado ao traballar as terras. Concretamente fáláronnos dunha lápida de mármol ou cuarzo grande, unha moeda de ouro e varios muiños de pedra para moer o grao a mao. Os veciños descoñecen o paradeiro actual dos achazgos, pero suxíren que tal vez, no Santuario dos Milagres, saiban algo deles. Por outra par-

7. Joaquín Arias Sanjurjo, “El castillo de Litoria y otras menudencias ourensanas”, Santiago de Compostela, 1932, pág. 83.

8. Ver Emilio Duro Peña, “San Pedro de Rocas y su colección documental”, Ourense, 1972, pág. 137.

9. Op. cit. pág. 134.

10. Op. cit. pág. 84.

11. Ver Manuel Lucas Álvarez, Pedro Lucas Domínguez, “El priorato benedictino de San Vicenzo de Pombeiro y su colección diplomática en la Edad Media”, A Coruña, 1996, pág. 61.

12. Ver o noso artigo “Serpes, mouras encantadas e psicología de Jung”, Raigame nº 7, Novembro 1998, pág. 55.

te, o traxecto entre Xaravedra e o Campo da Tella atópase ao lado do camiño a chamada fonte da Virxen do Monte, que está relacionada cunha curiosa lenda que non queremos deixar de consignar aquí. Conta esta lenda que a imaxen da Virxen do Monte, que se venera na ermida cercana, foi atopada nesta fonte por un home que se dedicaba a rozar o monte. Á hora de construír a capela, xurdiu -non se sabe por que- unha disputa entre povos sobre o lugar onde se debía edificar, tratando cada quen de facela no seu territorio. Por unha parte estaban Xaravedra e Pardeconde, pertencentes á xurisdición de San Pedro de Rocas, e por outro Loña do Monte, pertencente á de San Estevo de Ribas de Sil. Decidiuse poñer a imaxen nun carro tirado por bois, deixalos ceibes e construír onde parasen. A sorte favoreceu aos de Loña, e a ermida está na súa feligresía a pesar de que a imaxen aparece en territorio de Xaravedra.

O porto Senabreca

O porto Senabreca ou Senabrega, aparece mencionado no privilexio de restauración do mosteiro de San Estevo de Ribas de Sil¹³, otorgado por Ordoño II no ano 921. Atópase situado xusto na última curva á esquerda que dá o río Sil antes do encoro de San Estevo; onde desemboca o

regato de Lamateiro pola parte ourensana e o do Camilo pola parte lucense.

Desde o punto de vista lingüístico, parece ser Senabreca unha palabra composta. Con seguridade “breca” ou “brega” corresponde ao céltico “briga”, que significa “castro, fortaleza”¹⁴. O elemento “sena”, descoñecido para nós, ten para Elixio Rivas¹⁵ o significado de “montaña”, de modo que Senabreca sería un castro ou povoado fortificado nunha montaña. Isto está totalmente de acordo coa realidade xeográfica da zona, pois hai alí, na marxen dereita do Sil, xusto onde desemboca o regato do Camilo, unha pequena montaña circunvalada polo propio regato, á que chaman “cotarro do castro”. Con seguridade, na cima dese cotarro estaba o povoado fortificado ao que alude a denominación de Senabreca.

Parece ser que nas obras que aquí se fixeron recentemente para construír o embarcadero desde o que os turistas acceden ao catamarán que surca o canón do Sil, atopáronse restos antigos, entre eles muiños de mao. A este lugar refírese tamén o seguinte dato, que é o que consideramos máis significativo de todos os que temos. Segundo unha lenda da que xa temos dado conta no noso anterior artigo¹⁶, en algún momento do pasado tiñan con-

siderado os mouros a posibilidade de construír unha ponte nesta zona, obra que finalmente non se executou. O noso dato é que a lenda reflicte un feito real. En efecto, os veciños de Vilar de Cerreda que coñeceron o lugar antes de que se fixera o encoro, atestiguan que alí están as cepas ou pilares dunha antiga ponte, cuia construción que se chegou a rematar. Na parte ourensana, segundo din, consérvase un pilar, que eles denominan desde tempo inmemorial “o pear da ponte”¹⁷. A mesma información déronnosla xentes da marxen dereita do río, onde hai outro pilar. A pesar de estar en desacordo coa tradición, é posible que estes restos correspondan a unha ponte arruinada que non se chegou a reconstruír, antes que a unha ponte que non se chegara a rematar. Despois de ter feito preguntas para averiguar algo nese sentido, non obtivemos nada convincente. Todo eso está agora no fondo do encoro, polo que non é posible unha inspección directa, da que quizais se puidera deducir a orixen romana de tal construción. Nós estamos convencidos de que é así, e agora explicaremos en que se apoia o noso convencemento.

Tal como afirma o documento de Ordoño II, o mosteiro de San Estevo está situado xunto o “portum Nobum, inter portos Sena-

13. Ver Emilio Duro Peña, “El Monasterio de San Esteban de Ribas de Sil”, Ourense, 1977, páx. 247.

14. Ver Abelardo Moralejo Laso, “Sobre algunos topónimos de las vías romanas de Galicia”, Cuadernos de Estudios Gallegos, Tomo 28 (1973), páx. 209.

15. Segundo nos comunicou nunha conversa mantida nos Milagres en Outubro de 1996.

16. “Vía romana de Astorga a Ourense...”, páx. 133. Esta lenda foi recollida no povo de Santiago de Cerreda.

17. Anque esto non é importante para o presente estudo, cremos que este dato proporciona a confirmación definitiva de que o topónimo Os Peares provén dos pilares dunha ponte, que non pode corresponder a outro camiño que a un que xuntase Ourense con Monforte.



A ermida da Virxen do Monte, situada nas proximidades do lugar no que a nosa vía se cruza coa “vereda maior” que desde Astorga se dirixía a Ourense pasando xunto o castelo de Litoria.

breca e Palumbario”, é dicir, xunto á barca de San Estevo (onde o Cabe se xunta co Sil), entre Senabreca e Os Peares. Dinos Duro Peña¹⁸ que no ano 1600 o mosteiro solicitou ao rei licenza para construír unha ponte nese porto Novo. Pero tal ponte non se chegou a construír, de modo que na barca de San Estevo non houbo nunca unha ponte até que se fixo a actual, a mediados do presente século, con motivo da construción do encoro. O interese do mosteiro, seguramente xa desde moito antes da data indicada, nunha ponte sobre o río Sil é facilmente comprensíbel se se ten en conta que unha boa parte do seu

couto xurisdiccional e posesións estaban no Val de Lemos. E é obvio que desde o seu punto de vista, o lugar máis apropiado era precisamente, por proximidade xeográfica ao mesmo, a barca de San Estevo: moito máis desde logo que o porto Senabreca, que se atopa totalmente a desmao de San Estevo. Por elo non consideramos demasiado aventurado pensar que ese “pear da ponte” do que falan os veciños de Vilar, foi construído antes da restauración do mosteiro. E unha vez chegados a este punto, menos aventurado aínda nos parece o concluir que a súa construción se levou a cabo durante a dominación romana.

En calquera caso, non cabe ningunha dúbida de que este é o sitio óptimo para o paso dun camiño que desde a zona de Verín se dirixise a Lemos. E isto non só desde o punto de vista de minimización das distancias, senón tamén da facilidade de acceso, pois a pendente das abruptas ladeiras do Sil ao longo de todo o canón suavízase aquí de modo considerábel.

A partir de Senabreca.

Desde o porto Senabreca o camiño antigo subía cara a zona de Sober e Proendos, e de alí a Monforte, aproximadamente por

¹⁸ Op. cit. páx. 211.



Mosteiro de Xunqueira de Espadanedo.

onde está agora a estrada. A primeira parte do percorrido conservouse case intacta, totalmente empedrada, até que fai pouco máis de dous anos foi destruída ao construírse a estrada de acceso ao embarcadeiro.

Sobre a multitude de restos arqueolóxicos de época romana, e de épocas anteriores, achados en Proendos, non é necesario que nos extendamos aquí xa que estes atópanse ben documentados¹⁹. Nada máis entrar no povo chama a atención os restos de muros de pedra de grande anchura que bordean o camiño, e que

volveren a aparecer nas inmediacións da igrexa e a casa rectoral, e en outras partes. Segundo din os veciños, as paredes das casas e as das fincas foron feitas aproveitando os grandes montóns de pedra que había provintes de antigas construcións. E, en efecto, non é difícil distinguir nesas paredes actuais, restos de pedras labradas, pilas, fustes de columnas, arcos, etc.

Polo que respecta á toponimia, hai un dato importante que parece ter pasado desapercibido para os investigadores. Referímonos ao topónimo Berea, que

se aplica ao lugar, nas proximidades de Proendos, no que está a capitalidade do actual concello de Sober. Estamos convencidos de que ese topónimo ten relación co camiño que estamos a estudar.

Por outra parte, é máis que posíbel que a nosa vía non rematase en Monforte, senón que pertencese tamén a ela o tramo Monforte-Sarria-Lugo xa considerado por outros autores²⁰, o que convertiría o noso itinerario nunha das rotas transversais importantes, senón a máis importante, da Galiza romana.

19 Ver, por exemplo, Germán Vázquez, "Historia de Monforte y su tierra de Lemos", 1990, páx. 83 e as referencias que alí se dan.
20 Ver Germán Vázquez, op. cit. páxs. 81 e 82.

Epílogo

Para rematar faremos un breve comentario sobre a posibilidade de que a vía mencionada pasase, como indica Rodríguez Colmenero, por Baños de Molgas e as proximidades de Esgos. Foi Díez Sanjurjo²¹ quen primeiro suxeriu a existencia dun camiño que, partindo da Vía Nova, marchase cara o Sil seguindo a dirección indicada pola ponte de Baños de Molgas e o castro (máis tarde castelo) de Maceda. O que propón Colmenero é basicamente esto mesmo, anque cunha precisión da que carece a simple suxerencia do primeiro. Nós xa temos sinalado²² a existencia dun camiño que desde a zona de Maceda se dirixe ao porto Senabreca, pasando por Zorelle, Bustavalle, Alto do Couso, Guimarás, Reboral, ermida da Virxen do Monte e continuando desde alí por onde temos indicado. Esta podería ser unha posibilidade para a vía que nos está ocupando. Sen embargo, non vemos nengún motivo para preferir este percorrido ao que xa temos exposto por Xunqueira de Espadañedo e Pardeconde. Polo contrario, o xa exposto ten a ventaxa de que resolve á vez, de modo óptimo e sen aumentar por elo a distancia Chaves-Monforte, o problema xa comentado de que os aquiflavienses poidesen empregar a Vía Nova en dirección a Astorga. Por outra parte, a “viam veterem” que se

menciona na demarcación do couto do mosteiro de Xunqueira de Espadañedo nun documento de Alfonso IX de 1227, non se pode referir, contrariamente ao que pensa Colmenero²³, ao itinerario que el propón. En efecto, nese documento²⁴ a demarcación empeza entre Vilariño e Niñodagua e vai cara o Este, mencionándose a “viam veterem” xusto antes do regato de Barreiros, povo que se atopa xa na ladeira de Cabeza de Meda entre Cacharrueille e Rodicio, mentres que os sitios propostos por el para o paso da vía (Outeiro da Torre, Casasoá, Moura e Esgos), están todos ao Oeste de Niñodagua.

Sinalemos finalmente que Colmenero é coñecedor, ao menos até Xunqueira, do percorrido que nós indicamos, é dicir, do camiño da Xé, ao que se refire na páxina 88 do seu libro como “unha antiga vereda”; pero considera que se trata dunha rota distinta á de Chaves-Monforte. Anque este investigador non o afirma explicitamente, estamos convencidos de que a súa principal motivación para levar a vía por Baños de Molgas, Esgos e Luintra, é a de considerar Os Peares como o único punto posíbel de paso sobre o Sil; pois en canto se ten en conta a existencia do porto Senabreca, a idea de ir por Luintra e Os Peares perde todo o seu sentido.

21 Op. cit. páx. 353.

22 “Vía romana de Astorga a Orense...”, páx. 133.

23 Ver páxina 88 do seu libro xa citado.

24 Ver Sara Pereira Ferreiro, “El monasterio de Santa María de Xunqueira de Espadañedo y su colección diplomática”, Boletín Auriense IX (1979), 151-230, documento nº 3.